



PLAN DIXITAL

[CEIP de Casaio]

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

- *Nome do centro:* CEIP de Casaio
- *Código:* 32 015 025
- *Dirección:* Rúa Devesa, s/n. 32337. Casaio (Carballada de Valdeorras).
- *Correo:* ceip.casaio@edu.xunta.gal
- *Número de teléfono:* 988324686
- *Etapas educativas:* Educación Infantil e Primaria.
- *n.º de alumnado:* 8 (2 de Educación Infantil, e 6 de Educación Primaria).
- *n.º de profesorado:* 1 mestre titor, 3 mestres/as itinerantes.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

Características socioeconómicas e culturais: A poboación de Casaio é economicamente activa, sendo o sector secundario o que ocupa a maioría da poboación, xa que no pobo hai explotacións pizarreiras e, polo momento, non hai problemas de desemprego.

Isto fai que o nivel económico das familias, sen chegar a ser alto, sexa bastante desafogado, xa que traballan case sempre os dous membros do matrimonio.

O nivel cultural é baixo, hai pouca afición á lectura e á información, e o tempo libre adícano a un ocio culturalmente pobre.

Contribución do PD ao Proxecto Educativo e coa PXA: O centro actualmente non participa en ningún programa de innovación, mais está dentro de Edixgal, contando co seu respectivo equipamento. No curso 22/23, o alumnado de 5º participarán nel.

1.3. Breve xustificación do mesmo

O plan dixital ten como referente referente lexislativo:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022

- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

Para a súa elaboración e, posto que ao ser un centro dunha unidade, a organización e o proceso de elaboración recaiu na mesma persoa, aínda que este foi apoiado polo PFP realizado conxuntamente co CPI Tomás Terrón Mendaña, así como a axuda continuada do coordinador ADIX.

Para a elaboración do Plan Dixital, realizouse:

- Unha valoración inicial da situación a través da ferramenta SELFIE, e a realización do test CDD.
- Elaboración do DAFO, coas Debilidades, Amenazas, Fortalezas e Oportunidades xurdidas do análise do SELFIE e do test CDD.
- A partir da elaboración do DAFO, e cos datos obtidos, realizouse un Plan de Acción a través da búsqueda dos obxectivos SMART.
- Por último, realizouse a concreción e redacción final do Plan Dixital.

2.Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Infraestrutura do centro:A conectividade do centro é aceptable. O centro conta con 2 teléfonos fixos inalámbricos, Wifi en todas as aulas e unha conexión medianamente aceptable.

Equipamento dispoñible:

- Aulas dixitalizadas: 3.
- Proxecto E-Dixgal: Si (no curso 2021/2022 non se leva a cabo debido a inexistencia de alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria).
- Equipos de xestión e administración: Contamos con 2 ordenadores de mesa. A súa situación non é moi positiva (o equipamento é vello e comeza a fallar). Precisan unha revisión e un mantemento ao longo do vindeiro curso.

- Uso na biblioteca: Na biblioteca, situada nunha das aulas dixitalizadas, contamos cun ordenador portátil, pizarra dixital e proxector.

Servizos dixitais educativos:

Neste curso, non se utilizaron a páxina web do centro, nin a aula virtual, aínda que, nos obxectivos do plan de acción establecemos unha serie de medidas que repercutan nesta situación. Así mesmo, aínda sendo un centro que conta con Edixgal, este ano non se levou a cabo, xa que non contamos con alumnado de 5º e 6º. Sen embargo, para o curso que vén contaremos con alumnado en 5º de Educación Primaria, polo que tamén se levará a cabo nese curso.

Xestión de mantemento do equipamento do centro:

Debido ao número reducido de persoal, non contamos cun encargado/a para levar a cabo este mantemento de forma exclusiva. De contar con algunha problemática, ou ben intentamos solventala nós mesmos/as, ou ben contactamos con ANTEGA.

Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC:

Aula virtual en elaboración: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcasaio/aulavirtual/>

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	2,2				
	Profesorado	2,5				
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	2,7				
	Profesorado	3				
	Alumnado					
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	2,5				
	Profesorado	2,8				
	Alumnado					
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3				
	Profesorado	3				
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,8				
	Profesorado	3,5				
	Alumnado					
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	2,6				
	Profesorado	3				
	Alumnado					
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3,5				
	Profesorado	2,5				
	Alumnado					
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,1				
	Profesorado	3,6				
	Alumnado					

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO			
PROVISIONAL			
INTERINO	<u>0</u>	<u>2</u>	<u>0%</u>
SUBSTITUTO	<u>2</u>	<u>2</u>	<u>100%</u>
DESPRAZADO			

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<u>52,5</u>	<u>Explorador/a (A2)</u>	<u>76,4</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf.	<u>37</u>	<u>Explorador/a (A2)</u>	<u>66,2</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>
Pri.	<u>68</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>77,3</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	<u>1</u>	<u>50%</u>
B1	<u>1</u>	<u>50%</u>
B2		
C1		
C2		
TOTAL	<u>2</u>	<u>100,00%</u>

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ol style="list-style-type: none"> Infraestructura e equipamento correctos. Número de dispositivos electrónicos moi acordos coa ratio. Coñecemento xeneralizado sobre a importancia da protección de datos Funcionamento decente do equipamento. 	<ol style="list-style-type: none"> Conexión a internet, aínda que correcta, lmitada. Asistencia técnica moi limitada e pouco efectiva. O mantemento do equipamento faise limitado. Pouco tempo do profesorado para explorar as oportunidades que poden ofrecer os equipamentos.
	PERSOAL DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> Motivación e flexibilidade á hora de adaptarse ás novas circunstancias. Coñecementos básicos sobre as TIC, permitindo poder traballalas. 	<ol style="list-style-type: none"> Pouca formación do profesorado. Pouco tempo para explorar as oportunidades que poden ofrecer as TIC.

		3. Aplicación das TIC na aula co alumnado. 4. Extensión e promoción entre o profesorado de innovacións educativas.	3. Aplicación escasa e limitada das TIC co alumnado. 4. Uso repetitivo e pouco creativo das TIC na aula.
	PERSOAL NON DOCENTE	1. Motivación e implicación para mellorar a competencia dixital e adaptarse ás novas circunstancias.	1. Pouca formación dixital.
	ALUMNADO	1. Uso das TIC dende pequenos. 2. Teñen certa motivación co seu uso na aula. 3. Comportanse de forma responsable co equipamento. 4. Teñen predisposición a aprender novas formas de uso e aplicacións das TIC.	1. Formación escasa sobre o uso responsable das TIC. 2. Formación escasa sobre a creación de contidos coas TIC. 3. Aplicación na aula moi limitada. 4. Uso das TIC exclusivamente de forma lúdica.
	FAMILIAS	1. motivación para mellorar as súas competencias dixitais. 2. Implicación para mellorar as infraestruturas dixitais. 3. Competencia dixital escasa. 4. Inversión en tecnoloxía acorde ás características e motivacións no eido familiar. 5. Inmediatez na comunicación debido ao número baixo de familias.	1. Baixo nivel de competencia dixital das familias. 2. Equipamento escaso ou pouco efectivo. 3. Pouca motivación ou recursos para mellorar ese equipamento. 4. Non establecemento de prioridades á hora de adquirir equipamento. 5. Mala escolla dos dispositivos do alumnado.
	OFERTA	1. Fomento e creación dunha oferta que apoie o uso das novas tecnoloxías. 2. Oportunidade de desenvolver novas modalidades de ensinanza. 3. Oportunidade de poder compartir experiencias con outros centros da contorna.	1. Baixa oferta en cursos. 2. Inexistencia de actividades extraescolares nas que se desenvolvan a competencia dixital. 3. Inexistencia dunha asignatura de libre configuración sobre as novas tecnoloxías.
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	1. Implicación para crear e levar a cabo unha estratexia dixital acorde coas características do centro. 2. Implicación para apoiar á comunidade educativa para o desenvolvemento do plan dixital. 3. Apoio á formación do profesorado. 4. Motivación para crear redes de apoio sobre o uso das novas tecnoloxías para a comunidade educativa. 5. Oportunidade para incentivar as inxerencias dixitais que poidan xurdir.	1. Existencia dunha estratexia dixital nula. 2. Tempo moi limitado do profesorado para explorar a ensinanza dixital. 3. Pouco apoio á comunidade educativa sobre as novas tecnoloxías. 4. Apoio escaso á formación e inxerencias do profesorado. 5. Inexistencia de profesorado que realice mantemento do equipamento.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	1. A utilización de plataformas educativas promovidas pola Consellería 2. Optimización das ferramentas que a Consellería promove 3. A oportunidade de reflexión para o replanteamento do Plan Dixital 4. Acercamento á realidade mediante a comunicación cos centros educativos	1. A obsolescencia das plataformas corporativas. Son pouco intuitivas para o profesorado, e pouco atractivas para o alumnado. 2. Non fomentan a protección do individuo ante o uso das novas tecnoloxías. 3. Mala temporalización e secuenciación da formación. 4. Incerteza sobre o avance deste Plan. 5. A promoción da conexión constante tanto do alumnado e do profesorado.
	LEXISLACIÓN	1. A oportunidade de que se legisle o uso	1. Lexislación insuficiente porque non filtra e non

		<p>responsable das TIC e das redes sociais. 2. Creación de leis que restrinxan o seu uso. 3. Creación de lei que protexa a infancia.</p>	<p>sanciona as malas prácticas. 2. A pouca protección real á infancia.</p>
	CONTORNA	<p>1. A interconexión entre os individuos que permite as TIC. 2. A oportunidade de levar a cabo actividades de ocio para os/as nenos/as. 3. A oportunidade de mellorar as conexións no concello. 4. A oportunidade de crear redes de apoio para un uso seguro das TIC. 5. A oportunidade de crear redes de acompañamento sobre o seu uso.</p>	<p>1. Falta de oferta e alternativa de ocio para facer un uso máis reducido das TIC. 2. Infraestruturas susceptibles aos cambios climatolóxicos, accidentes, incendios, etc. 3. Ausencia dunha rede de apoio e acompañamento sobre o uso das TIC. 4. Ausencia de asociacións que teñan como base as novas tecnoloxías. 5. Ausencia dun lugar onde poder contar con equipamento e conexión a internet (por exemplo: aula de estudos).</p>
	ANPA	<p>1. O grao de implicación ante os novos cambios. 2. A súa implicación para a realización dun seguimento do alumnado. 3. A creación dunha rede de apoio para o resto de familias e alumnado.</p>	<p>1. A falta de contexto e preparación para levar a cabo unha educación dixitalizada. 2. A falta de recursos para poder levar a cabo ese seguimento e ese apoio.</p>
	OUTRAS ENTIDADES	<p>1. Oportunidade do concello para ofertar máis oportunidades. 2. Creación de biblioteca e sala de estudo. 3. Creación de redes de apoio e acompañamento para as TIC. 4. Creación de alternativas de ocio e extraescolares atractivas para os/as nenos/as</p>	<p>1. A pouca implicación por falta de medios. 2. A pouca comunicación das entidades coa poboación. 3. A falta de consideración á infancia nas ofertas que se levan a cabo. 4. Inversión insuficiente para poder levar todas as oportunidades apuntadas</p>

3. Plan de Acción

Debido a situación excepcional deste centro, os obxectivos marcados no Plan de Acción suporán unha introducción ao uso das TIC e dos recursos dixitais que se ofertan dende a Consellería.

Cómpre recordar que partimos de non utilizar practicamente as TIC no centro, polo que o cambio, por moi pequeno que sexa, suporá unha mellora relativa ao uso dos recursos que dispoñemos, así como o primeiro paso para levar a cabo unha educación dixital máis sofisticada e elaborada.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Para a realización dos obxectivos do Plan de Acción, partimos da análise DAFO, no que recolle as fortalezas e debilidades existentes na infraestrutura e equipamento do centro, no persoal docente e non docente, no alumnado e nas familias, na oferta, na organización do centro, ademais das ameazas e oportunidades da administración educativa, da lexislación, o ANPA, a contorna do centro, así como outras entidades próximas ao centro e a súa actividade.

Estes obxectivos estarán contextualizados a áreas de mellora en relación coas do marco DigCompOrg. Concretamente, estes obxectivos terán como áreas de mellora á comunidade educativa, ao alumnado, e ás familias e profesorado.

Con eles, pretendemos conseguir o aumento do uso da Aula Virtual e de Abalar Móbil, así como mellorar a información sobre as TIC coa que contan as familias e a formación dixital do alumnado do centro, incidindo no seu uso responsable e nos perigos que pode ocasionar o mal uso das mesmas.

Para levalas a cabo, debemos ter en consideración a formación de todo o profesorado do centro, tanto a do mestre/a titor/a (ou mestres/as titores/as) como a dos mestres/as itinerantes que traballen no centro o seguinte curso. Os responsables, polo tanto, serán tanto o mestre/a titor/a (o/a responsable de centro), como o resto de profesorado do centro.

Estas actuacións levaranse a cabo durante todo o curso 2022/2023, incidindo nalgunhas accións nos finais de trimestre, para poder así valorar como se levaron a cabo e mellorar a propia acción incidindo nos puntos febles da mesma.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Dentro da infraestrutura dixital do centro podemos sinalar que a infraestrutura de datos (conectividade a internet) e a infraestrutura de voz (telefonía) son bastante acordes ás necesidades propias do centro. Contamos cunha conectividade a internet boa (tendo en consideración a situación xeográfica na que se sitúa o centro), e cunha cobertura asumible. Así mesmo, a WiFi funciona en todas as aulas, e a velocidade da rede adoita ser boa.

Por outra banda, o equipamento co que conta o centro é:

- 2 ordenadores de mesa no despacho de dirección para uso do profesorado.
- 3 ordenadores portátiles para o profesorado (1 por aula utilizable).
- Equipamento Edixgal (10 portátiles e o carro de carga).
- 3 proxectores e pizarras dixitais (1 por aula utilizable).

No relativo ás melloras do equipamento, debemos sinalar:

- A necesidade dunha revisión e posta en marcha dos ordenadores de mesa (ou no seu caso, a súa reposición).
- Revisión do carro de carga dos ordenadores Edixgal.

Táboa 1: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

“Área/s de mellora”: Comunidade educativa						
1. OBXECTIVO (1):	Establecer o uso da Aula Virtual na comunidade educativa.				Acadado	
RESPONSABLE:	Claustro				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Uso habitual ao longo do curso da Aula Virtual. Aumentar a porcentaxe do seu uso.					
Valor de partida (3)	Non se utiliza a Aula Virtual					
Valor previsto e data (4)	Aumentar nun 25% o uso da Aula Virtual na comunidade educativa			Xuño de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Formación sobre o uso da Aula Virtual	Equipo directivo e administración	30 de xuño de 2023	Formación (PFPP) (de ser preciso). Equipos informáticos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Iniciación ao alumnado no uso da Aula Virtual	Claustro	30 de xuño de 2023	Equipos informáticos, presentación.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Realización de actividades e consulta de información na Aula Virtual	Claustro	30 de xuño de 2023	Equipos informáticos, materiais dixitais das diferentes áreas que se ofertan.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa 2: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

“Área/s de mellora”: Comunidade educativa						
2. OBXECTIVO (1):	Formar á comunidade educativa sobre o uso responsable das TIC				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo e claustro				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	A formación e as conclusións sobre a mesma.					
Valor de partida (3)	Non se realizou ningunha sesión de formación e/ou apoio neste eido					
Valor previsto e data (4)	Realizar tres sesións de formación			Xuño de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Sesións informativas.	Equipo directivo e claustro	23 de decembro de 2022	Materiais informativos Materiais informáticos Formación (PFPP) (de ser preciso).		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Apoio e formación ao longo do curso sobre as inquiredanzas que poidan xurdir	Equipo directivo e claustro	30 de xuño de 2023	Materiais informativos Materiais informáticos Formación (PFPP) (de ser preciso)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Análise nos claustros sobre o traballo realizado ao longo do trimestre para poder establecer medidas de mellora.	claustro	23 de decembro de 2022 31 de marzo de 2023 30 de xuño de 2023	Recompilación de información		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa 3: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

“Área/s de mellora”: Alumnado						
3. OBXECTIVO (1):	Formar e apoiar ao alumnado na súa iniciación ao uso das TIC de forma responsable				Acadado	
RESPONSABLE:	Claustro				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Apoio e concienciación sobre uso das TIC					
Valor de partida (3)	Uso moi reducido das TIC e pouca formación ao respecto					
Valor previsto e data (4)	Que o 50% do alumnado utilice as TIC de forma responsable			Xuño de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO3.1: Sesión de seguimento para medir o uso das TIC e valorar como é o seu uso.	Equipo directivo e claustro	23 de decembro de 2022 31 de marzo de 2023 30 de xuño de 2023	Enquisa		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Apoio dentro da aula ao uso responsable das TIC: seguimento e formación.	Equipo directivo e claustro	23 de decembro de 2022 31 de marzo de 2023 30 de xuño de 2023	Materiais informativos, enquisas, portfolio de seguimento das actuacións		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.3: Valoración final de curso sobre as actuacións levadas a cabo durante o curso.	Equipo directivo e claustro	23 de decembro de 2022 31 de marzo de 2023 30 de xuño de 2023	Enquisas, información recompilada ao longo do curso		Realizada	
					Aprazada	
					Penden	

Táboa 4: Plan de Acción do Plan Dixital de Centro

“Área/s de mellora”: Familias e profesorado						
4. OBXECTIVO (1):	Implantación do uso de Abalar Móbil para a comunicación entre as familias e o profesorado do centro.				Acadado	
RESPONSABLE:	Claustro				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Uso axeitado de Abalar Móbil					
Valor de partida (3)	Non se utiliza					
Valor previsto e data (4)	Que o 25% das familias o utilicen			Xuño de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO4.1: Sesión de información a principio de curso sobre esta medida: iniciación e explicación sobre o seu uso.	Claustro	23 de decembro de 2023	Presentación sobre Abalar Móbil. A aplicación.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Seguimento sobre o seu uso, e posibilidade de aclarar dúbidas sobre o mesmo durante as titorías.	Titoría	30 de xuño de 2023	A aplicación.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.3: Valoración final sobre o seu uso no claustro de final de curso.	Claustro	30 de xuño de 2023	Recollida de información ao longo do curso sobre a experiencia do seu uso.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

(1) Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART” (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:

- a. **Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
- b. **Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
- c. **Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
- d. **Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
- e. **Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

(2) INDICADOR: Permitirán avaliar a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e respostar a escalas numéricas.

(3) VALOR de PARTIDA: Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.

(4) VALOR PREVISTO: Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

ACCIÓNS A DESENVOLVER:

(5) DESCRICIÓN: Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).

(6) RESPONSABLES: Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.

(7) DATA PREVISTA FIN: Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.

(8) RECURSOS NECESARIOS: Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).

(9) VALORACIÓN DA ACCIÓN: No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.

(10) ESTADO: Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

4. Avaliación do plan

Avaliación procesual:

Para a avaliación procesual, a metodoloxía a utilizar será activa e participativa, tendo en consideración a opinión de toda a comunidade educativa, e utilizaranse técnicas e instrumentos como a observación sistemática, o uso de rúbricas, enquisas, entre outras, dependendo do obxectivo a avaliar. Por outra banda, tamén se terá en conta a opinión de todos os mestres/as, así como as valoracións que poidan xurdir na comunidade educativa.

O *estado da execución das accións* valoraranse a través da observación sistemática e o uso de indicadores de logro.

A *análise e valoración dos resultados* levarase a cabo a través dos datos recollidos nunha reunión co claustro de mestres/as, que terá unha periodicidade trimestral.

Nesa valoración e análise previo, de ser preciso, estableceranse as posibles *modificacións das accións* e propoñeranse *propostas de mellora*, co obxectivo principal de poder adecuar esas accións ao contexto e que estas poidan desenvolverse dunha forma óptima.

Avaliación final:

Para a avaliación final, realizaremos unha reunión co obxectivo de valorar as actuacións e, de levarse a cabo, as súas propostas de mellora. Nela valoraremos a súa pertinencia, o seu grado de adquisición, así como desenvolvemos os obxectivos a levar a cabo no seguinte curso.

5. Difusión do plan

Para a súa difusión, contaremos cunha copia impresa a disposición da comunidade educativa no despacho de dirección, así como información relevante sobre o plan no taboleiro da entrada.

Por outra banda, dende a titoría explicarase ás familias este plan así como todas as actuacións que se levarán a cabo ao longo do curso, incidindo na total dispoñibilidade do equipo docente e directivo para solventar calquera dúbida sobre o mesmo.

Por último, o Plan Dixital e todas as súas actuacións tamén terán a súa difusión na Aula Virtual do centro, así como na páxina web.

Aula virtual: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcasaio/aulavirtual/>

Páxina web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcasaio/>